

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique a expresión correcta en galego:

- A) Vacuna.
- B) Válvula aórtica.
- C) Vaina tendinosa.
- D) Secreción holocrina.

2. Indique a expresión correcta en galego:

- A) Dermatitis.
- B) Quimiorreceptor.
- C) Oncoxénese.
- D) Proteinose.

3. Cada unha das dúas porcións carnosas e arredondadas situadas entre o final da columna vertebral e o comezo das coxas:

- A) Nalga.
- B) Cadeira.
- C) Nádega.
- D) Rótula.

4. Sentido corporal polo que se perciben e distinguen os olores:

- A) Arrecendo.
- B) Olfacto.
- C) Cheirume.
- D) Olfato.

5. Sinale a palabra incorrectamente escrita na expresión "Dame unha padiola para a ambulancia":

- A) padiola
- B) ambulancia
- C) para
- D) Dame

6. Unha das seguintes frases está correctamente escrita. Indíquea:

- A) Podemos atallar o andacio de gripe.
- B) O teu irmán caeu de costas na aceira.
- C) A pola do limoeiro rachou no chan.
- D) Hai un ano que estabamos en illamento.

7. Parte da Medicina que consiste en realizar operacións manualmente e con axuda de instrumentos nun corpo vivo:

- A) Bioloxía.
- B) Ciruxía.
- C) Bioética.
- D) Cirurxía.

8. Indique a expresión correcta en galego:

- A) Osígeno.
- B) Nefritis.
- C) Párpado.
- D) Antibiótico.

9. Indique a expresión correcta en galego:

- A) Segregación.
- B) Olo bermello.
- C) Tifus.
- D) Hombreiro.

10. Forzar violentamente unha articulación producindo ás veces a rotura dalgún ligamento ou de fibras musculares próximas:

- A) Escordar.
- B) Esguinzar.
- C) Refutar.
- D) Esnaquizar.

Preguntas de reserva

1. Micción involuntaria, especialmente a que se produce de noite durante o sono:

- A) Enurese.
- B) Enzima.
- C) Enuresis.
- D) Ouriños serodios.

2. Sinónimo de “fiestra”:

- A) Cancela.
- B) Xanela.
- C) Porta.
- D) Escano.